



Advertido un erro na orde do día da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, prevista para o vindeiro día 3 de marzo de 2010, comunícase a exclusión da pregunta doc. núm. 13834, por ter sido respostada pola Xunta de Galicia.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2010



Agustín Baamonde Díaz
Presidente da Comisión




A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de marzo de 2010, ás 10:45 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único- Preguntas orais ante a Comisión

1. 08/POC-2668 (14324)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as directrices enviadas aos concellos pola Dirección Xeral da Administración Local respecto da realización de probas en lingua galega nas convocatorias de prazas realizadas por esas institucións
2. 08/POC-2119 (19279)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo
Sobre a responsabilidade da xestión no Goberno galego das emerxencias meteorolóxicas e da protección civil, a actuación levada a cabo respecto do temporal producido na noite do día 14 ao 15 de xaneiro de 2010 e a elaboración dunha liña de axudas aos damnificados
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 166, do 08.02.2010
3. 08/POC-2149 (19392)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo e 2 deputados máis
Sobre os patrocinios ou contratos a deportistas da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 166, do 08.02.2010
4. 08/POC-2183 (19753)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cobián Fernández de la Puente, Pablo
Sobre os plans de actuación levados a cabo ou previstos polo Goberno galego en relación coas denominadas zonas de sombra, con motivo da implantación da televisión dixital terrestre
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 166, do 08.02.2010
5. 08/POC-2287 (21131)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Miranda, Antonio e 4 deputados máis
Sobre as perspectivas de actividade da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Xunta de Galicia no próximo ano, os seus principais retos



no ano 2010 e a situación actual do proceso de potenciación desta unidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 169, do 11.02.2010

6. 08/POC-2288 (21134)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Miranda, Antonio e 7 deputados máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo actual Goberno galego para avanzar no proceso de mellora do autogoberno de Galicia e as previsións respecto do proceso de transferencias dende a Administración Xeral do Estado que permitan avanzar nel
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 169, do 11.02.2010
7. 08/POC-2348 (21815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha e financiamento de Oficinas de Desenvolvemento Comarcal nos anos 2010 e 2011
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 169, do 11.02.2010
8. 08/POC-2468 (22380)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as razóns da non incorporación á páxina web www.xunta.es/convenios do rexistro de convenios asinados entre maio de 2009 e o 1 de febreiro de 2010, e o prazo previsto para o cumprimento da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, así como do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174, do 18.02.2010

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2010

Agustín Baamonde Díaz
Presidente da Comisión